



Documento a proposta da Confederación Intersindical Galega para iniciar a negociación na Mesa Delegada do Ministerio de Defensa dun acordo sobre un complemento salarial estable para o persoal civil

Obxectivo deste documento

Este documento ten como obxectivo iniciar un proceso renovado e fructífero de intercambio de posturas entre a representación sindical e a Administración para chegar a un acordo sobre un complemento salarial para os postos de traballo do persoal civil do Ministerio (independentemente do seu réxime xurídico: laboral, funcionario ou estatutario) que se integre de maneira estable, normalizada e con seguridade xurídica na súa estrutura retributiva, de maneira análoga ao aplicado ao persoal funcionario militar do mesmo Departamento.

Unha negociación real

Debemos iniciar un proceso honesto, transparente e de boa fe entre as partes, no ámbito da Mesa Delegada da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado no Ministerio de Defensa.

A determinación e aplicación das retribucións complementarias do persoal público é materia de negociación no ámbito legal establecido na relación entre a representación do persoal e a Administración Xeral do Estado, tal e como establece o artigo 37 do RDL 5/2015 do TREBEP.

A negociación debe ter en conta o intercambio de posicións das análises que fan o Ministerio de Defensa e a parte social, sobre a orixe e causa do conflito laboral xerado, o seu desenvolvemento nestes meses precedentes e a primeira solución ofrecida pola Administración.

A Mesa Delegada debe ser quen de encontrar de maneira conxunta e colexiada, un acordo que permita instaurar con seguridade xurídica un complemento salarial propio de Defensa no curto prazo.

A finalidade deste acordo debe ser instar no medio-longo prazo ao Ministerio de Función Pública para que leve a cabo unha modificación da Relación dos Postos de Traballo dos tres réximes xurídicos para a integración ou asimilación deste complemento retributivo de forma normalizada alterando o complemento singular de posto, -no caso do persoal laboral-, e o complemento específico, -no caso do persoal funcionario e estatutario, da mesma maneira que se realizou ao persoal funcionario militar.

A ausencia dunha negociación real no seo da Mesa Delegada que non contemple esta finalidade seguirá mantendo latente un descontento entre o persoal civil, e polo tanto, un ambiente laboral inestábel.

A orixe do conflito laboral

A finais de febreiro do pasado ano coñecíamos a intención do Ministerio de adicar unha elevada partida económica, de case 400 millóns de €, destinada a incrementar as retribucións salariais do persoal funcionario militar do Ministerio.

Esta intención implementouse coa publicación no BOE do 26 de marzo do RD 248/2025, mediante o cal se procedía à adecuación das súas retribucións incrementando de maneira liñal, e en 14 pagas, 200€ máis para todos os empregos do persoal funcionario militar, modificando a compoñente xeral do seu complemento específico, por ser o complemento retributivo *“que mellor identifica o desempeño da actividade, a dificultade técnica, a responsabilidade, así como as condicións características e circunstancias especiais do posto desempeñado polos empregados públicos”*.

O RD xustifica esta modificación por unha nova conxuntura internacional caracterizada *“pola incertidume, límites difusos e a presenza da poboación en conflitos de forma xeralizada e permanente, así como a crecente importancia da compoñente tecnolóxica”*, determinando un marco operativo e misións concretas das Forzas Armadas sustancialmente diferente.

Esta decisión provocou un forte descontento e malestar entre o persoal civil de Defensa ao sentirse infravalorado por un agravio comparativo no seu ámbito laboral, que pola súa condición de civil queda à marxe dun aumento retributivo que si experimenta unha parte do persoal co que comparte lugar de traballo, que tamén é empregado público e asalariada do mesmo Ministerio, e polo tanto, co mesmo pagador e dotación orzamentaria.

Con esta decisión non se atendeu aos principios de proporcionalidade e igualdade entre o persoal público que compón o Ministerio de Defensa,-persoal civil e militar-, que cada un cos seus cometidos e funcións, esforzo e dedicación, contribúen para o bo funcionamento daquelas actuacións que o Goberno do Estado asigna ao Ministerio de Defensa.

Non debería ser necesario, pero debemos afirmalo, a necesidade de contar co servizo dun persoal civil público recoñecendo o seu importante labor e capacidade para a consecución dos obxectivos marcados polo Goberno para a seguridade e defensa do Estado.

Neste feito, que a parte social definiu unanimemente como discriminatorio, é onde radica a causa e orixe do importante conflito laboral que se desenvolveu ao longo de todo o ano pasado. E identificar a raíz do conflito laboral, aínda existente, é fundamental para determinar as posíbeis solucións ao mesmo.

A xestión do conflito

Coincidindo coa publicación do RD do incremento salarial para o persoal funcionario militar a finais do mes de marzo pasado, o Ministerio, a través do Director Xeral de Persoal, e a petición de toda a parte social da Mesa Delegada, informa dunha folla de ruta dos obxectivos que se marca o Departamento para acometer unha mellora retributiva do persoal civil.

Esta folla de ruta recolle a negociación de instrucións de produtividade para o persoal estatutario e laboral a curto prazo (de 3 e 6 meses, respectivamente) e a reclasificación dos Corpos de Arsenais da Armada a medio e longo prazo, condicionado à promulgación da nova Lei de Función Pública.

O 22 de abril de 2025 o Consello de Ministros aprobou o Plan Industrial e Tecnolóxico para a Seguridade e Defensa de España e Europa, onde se recolle o aumentar o gasto público en Defensa até o 2,1% do PIB, o que supón unha inversión de 10471 millóns de €.

Un dos piares que compón este Plan é o que se asigna para aumentar as retribucións salariais do seu persoal así como incrementar os seus efectivos, para o cal se asigna o 35,45% da inversión total, é dicir uns 3712 millóns de €. Un aumento orzamentario de enorme magnitude e sen precedentes no Ministerio de Defensa.

A pesar da petición formal de información sobre as partidas económicas que se asignarían à adecuación retributiva do persoal civil derivado deste inmenso aumento orzamentario, o Ministerio opta por non concretar masa salarial asignada para esta parte do seu persoal.

Na reunión da Mesa Delegada de 29 de maio de 2025, no momento en que se aborda a negociación da produtividade variábel para o persoal estatutario confirmase a negativa do Ministerio a ofrecer partida económica concreta para o financiamento deste complemento salarial, motivo polo cal a representación sindical participante na reunión decide de maneira unánime abandonar a reunión da Mesa Delegada e non participar neste organismo de negociación mentres non se concrete crédito económico.

Isto orixinou unha situación anómala no normal funcionamento da Mesa Delegada de Defensa que requeriu da intervención da Ministra, que tivo que exercer un papel mediador ante a falta de maior información sobre as posibilidades reais de aplicación dunha mellora salarial análoga à concedida ao persoal funcionario militar.

Esta mediación foi formalmente realizada en sede ministerial o 23 de xuño cunha reunión na que participou a representación sindical e altos cargos do Ministerio, sendo presidida pola Ministra. Na reunión recoñeceu expresamente as “reivindicacións xustas e necesarias” da representación do persoal civil e informou de que se estaba a traballar co Ministerio de Facenda para realizar unha mellora retributiva sen indicar maiores concrecións e compromisos.

A solución que ofrece a Administración para o conflito

O 17 de outubro celébrase unha nova reunión na sede do Ministerio coas mesmas partes implicadas na anterior. A Ministra informa directamente do crédito económico ofrecido por Facenda de 19,9 millóns de € destinado a financiar unha gratificación extraordinaria para o persoal laboral de 2400€ brutos en concepto de Mellora Unilateral da Administración (MUA), asignábeis para o ano 2025.

Na mesma reunión tómase en conta o desacordo de parte da representación sindical ante a exclusión do persoal funcionario e estatutario desta gratificación.

Tres semanas despois autorízase idéntica suba para o persoal funcionario civil coa duplicación da partida económica de Productividade establecida nos orzamentos de 7,248 millóns de €.

O 18 de decembro retómase a participación da representación sindical na Mesa Delegada ante a convocatoria dunha reunión que ten como obxectivo informar dos detalles na súa aplicación ao persoal das gratificacións extraordinarias en forma de *MUA* e *Productividade por Obxectivos Departamento*.

A nosa opinión sobre a solución ofrecida polo Ministerio

Ante o desenvolvemento dos feitos acontecidos, desde CIG entendemos que o Ministerio recoñece a existencia dun conflito laboral por motivos salariais, ao autorizar co Ministerio de Facenda unhas partidas económicas importantes que buscan unha semellanza coa suba aprobada ao persoal funcionario militar, aínda que menor, posto que ao persoal funcionario militar

experimentou unha suba de 2800€ brutos/ano (200€ en 14 pagas) e ao persoal civil laboral e funcionario foi de 2100€ e 1901€, respectivamente, se temos en conta o cobrado polo mesmo concepto no ano anterior de MUA e Productividade por Obxectivos do Departamento.

Non compartimos que o Ministerio busque unha solución unilateral ao conflito. Unha vez que conta co financiamento necesario autorizado por Facenda, esta masa salarial debería ser obxecto de negociación no ámbito legal establecido e adoptar dunha maneira colexiada a adecuación xurídica desa partida económica no concepto retributivo pertinente, porque isto afecta à estabilidade futura do complemento salarial conseguido.

A proposta concreta da CIG para buscar unha solución a este conflito

A nosa proposta parte da idea de establecer unha mellora “bilateral” para as retribucións do persoal civil do Ministerio, que faga participe à representación do propio persoal civil na súa mellora retributiva, en exercicio das súas lexítimas competencias de representación do persoal.

Para o persoal laboral propoñemos aumentar en 2800€ brutos anuais (200€ en 14 pagas), de maneira liñal en todas os grupos profesionais a cantidade actualmente establecida, e xa recoñecida, no acordo da Comisión Negociadora do IV Convenio Único para o persoal laboral da AXE relativo ao sistema de complementos de postos de traballo, tomado o 29 de novembro de 2022, que modifica o artigo 59.5.1.2 de dito convenio, do Complemento Singular de Posto “E6”, que retribúe os *“postos de traballo pertencentes ao Ministerio de Defensa, atendendo às especiais características das actividades vinculadas à defensa nacional en todos os seus ámbitos”*.

Aqueles postos de traballo do persoal laboral dependentes do Ministerio de Defensa que actualmente cobren outro complemento singular de puesto de maior contía que o E6, por desenvolver outra actividade aínda máis específica, pasarían a percibir o actualizado E6, tal e como xa establece o acordo, por converterse este no de maior contía.

Mentres o Ministerio de Función Pública non modifica a RPT deste persoal para integrar este complemento salarial, este aplicarase transitoriamente, e repartido nas 14 pagas, como *“Complemento de mellora bilateral”*.

De forma análoga, para o persoal funcionario e estatutario propoñemos aumentar o complemento específico dos seus postos de traballo en 2800€ brutos anuais, de maneira liñal en todos os grupos funcionariais.

Mentres non se modifica a RPT deste persoal para integrar este complemento salarial, este aplicarase transitoriamente, e repartido nas 14 pagas, como *“Complemento de mellora bilateral”*.

A revisión destes complementos comprometería efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2025, tal como se estableceu para o persoal funcionario militar, sendo obxecto de negociación como encadrar a mellora xa ofrecida pola Administración no ano 2025.

Esta proposta de revisión dos Complementos singular e específico do persoal civil de Defensa é independente da proposta de Instrucción de Productividade para todo o persoal civil que xa propuxemos no ano 2021 na Mesa Delegada, na que nos seguimos reafirmando e pretendemos que se leve a cabo a súa negociación durante este ano, tal e como se comprometeu o Ministerio na reunión da Mesa Delegada do 18 de decembro de 2025.

Galiza, 12 de febreiro 2026

